

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

- 10998** *Orde JUS/909/2017, do 25 de setembro, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa correspondente prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (en diante, INTCF), como órgano técnico e de referencia en materia toxicolóxica, ten encomendadas dentro das súas funcións a prevención de intoxicacións e a información toxicolóxica. Da Dirección do INTCF depende o Servizo de Información Toxicolóxica (en diante, SIT), creado especificamente con esta función, para o cal conta cunha base de datos propia de fichas toxicolóxicas, que inclúen tanto toxinas naturais como substancias e mesturas químicas comercializadas no mercado español.

A Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, a circulación e o comercio de deterxentes e limpadores, aprobada polo Real decreto 770/1999, do 7 de maio, no seu artigo 4.2 prevé que «no momento da primeira comercialización de cada produto ou con motivo de cada modificación de fórmula, os responsables da comercialización comunicarán a composición de cada fórmula ao Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto de Toxicoloxía, de acordo cos procedementos que para tal efecto estableza o dito organismo», co obxecto de atender os requirimentos médicos, tanto curativos como preventivos, para casos de intoxicacións.

Así mesmo, con base no principio de precaución e en garantía dunha maior protección para a saúde e o ambiente, o Parlamento Europeo e o Consello ditaron unha normativa que pretende un maior control sobre aqueles produtos químicos que poidan ter efectos toxicolóxicos e que queda plasmada no Regulamento (CE) número 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e mesturas químicas (en diante, Regulamento REACH), así como o Regulamento (CE) número 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (en diante, Regulamento CLP).

En desenvolvemento da normativa europea aprobouse a Lei 8/2010, do 31 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto nos regulamentos REACH e CLP. Na disposición adicional terceira da dita lei désígnase o INTCF como o organismo responsable de recibir dos importadores e usuarios intermedios que comercialicen mesturas a información pertinente a que se refire o artigo 45.1 do Regulamento CLP. A referida información incluírá a composición química das mesturas comercializadas e clasificadas como perigosas debido aos seus efectos sobre a saúde humana ou aos seus efectos físicos, así como a identidade química das substancias presentes en mesturas para as cales a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas (en diante, ECHA) aceptou unha denominación química alternativa consonte o artigo 24 do Regulamento CLP.

O artigo 6 da Lei 8/2010, do 31 de marzo, establece no número 3, letra I), que será falta grave, para os efectos da lei, a falta de comunicación ao INTCF da composición química das mesturas comercializadas e clasificadas como perigosas polo Regulamento CLP.

As fichas de datos de seguridade (en diante, FDS) reguladas no Regulamento (UE) 2015/830 da Comisión, do 28 de maio de 2015, que modificou o anexo II do Regulamento REACH, son un elemento importante da comunicación sobre perigos e ofrecen un mecanismo para transmitir información apropiada aos usuarios inmediatamente seguintes na cadea de subministración, sobre a seguridade das substancias e das mesturas. De acordo con este regulamento, é obrigatorio incluír no punto 1.4 da FDS do provedor de calquera substancia ou mestura incluída no artigo 31 do Regulamento REACH un teléfono de emerxencia. No caso de que se inclúa o teléfono de urxencias do INTCF, deberásele notificar a este a información pertinente.

O INTCF viuse obrigado a revisar, adaptar e modernizar tanto o contido coma o procedemento de notificación da información que debían presentar as empresas, e incorporou novos desenvolvementos tecnolóxicos que garantisen, por un lado, unha maior rapidez e eficacia na xestión e, por outro, e non menos importante, unha total garantía na seguridade e confidencialidade dos datos.

A Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, regulou o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao rexistro de produtos químicos do SIT do INTCF e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do INTCF.

Mediante a Orde JUS/992/2015, do 29 de maio, engadiuse unha disposición transitoria terceira á Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, que inclúe un réxime transitorio de comunicación ata antes do 1 xaneiro de 2016 ou antes do 1 de xuño de 2017, en función do tipo e uso da mestura, ben que as empresas afectadas estaban obrigadas a realizar con posterioridade a alta da ficha toxicolóxica no Rexistro de Produtos Químicos do SIT do INTCF, segundo o procedemento regulado na Orde JUS/836/2013, do 7 de maio.

O Ministerio de Xustiza desenvolveu unha aplicación informática para a elaboración das fichas toxicolóxicas en formato XML e un sistema de notificación telemático, denominado Sistema de relación coas empresas (en diante, SRE), que permiten a transferencia da información procedente das empresas do sector químico ás bases de datos desenvolvidas no INTCF. Os programas son accesibles de forma gratuíta a todas as empresas desde o portal do Ministerio de Xustiza e dispoñen de diferentes instrucións recollidas en manuais de usuario.

A Comisión Europea levou a cabo un estudo previsto no artigo 45, punto 4, do Regulamento CLP, cuxos resultados se publicaron en xaneiro de 2012. Nese estudo considerouse que a maioría das chamadas aos centros antitóxicos e a outros organismos designados está relacionada coa exposición accidental a mesturas perigosas utilizadas polos consumidores e en menor medida polos profesionais, e que o menor número de chamadas está relacionado con mesturas para uso industrial, que se utilizan en instalacións industriais. Ademais, nas instalacións industriais normalmente existe un maior coñecemento das mesturas utilizadas e adoita disporse de tratamentos médicos. Xa que logo, debería permitirse que os importadores e os usuarios intermedios de mesturas para uso industrial cumpran uns requisitos de información limitados.

Por outro lado, concluíuse que existen importantes diferenzas entre os actuais sistemas de notificación, o formato dos datos e os requisitos específicos por país en relación coa información solicitada nos Estados membros, e a Comisión Europea considerou que procedía harmonizar a información que deben recibir os organismos designados dos importadores e dos usuarios intermedios, así como establecer un formato para a presentación da información.

Coa finalidade de harmonizar a información e establecer un formato para a súa presentación, con data do 23 de marzo de 2017 publicouse no «Diario Oficial de la Unión Europea» o Regulamento (UE) 2017/542 da Comisión, do 22 de marzo de 2017, que modifica o Regulamento CLP para incluír nel un anexo VIII sobre información harmonizada relativa á resposta sanitaria en caso de urxencia, que será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020, 2021 ou 2024, en función do uso para o cal estea comercializada cada mestura: consumidor, profesional ou industrial.

Este anexo supón por parte dos Estados membros o inicio dun proceso de adaptación normativa ao seu contido.

Por todo isto, a presente orde regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao rexistro de produtos químicos do SIT do INTCF, ata a completa aplicación do anexo VIII do Regulamento CLP, así como a responsabilidade da veracidade e exactitude dos datos que se facilitan, a obrigatoriedade de utilizar os programas informáticos desenvolvidos para tal efecto e, finalmente, o procedemento de liquidación correspondente aos feitos impoñibles.

Durante a tramitación desta orde deuse audiencia ás asociacións máis representativas do sector e levouse a cabo o oportuno trámite de información pública a través da páxina web do Ministerio de Xustiza.

Esta orde dítase ao abeiro da referida disposición adicional terceira da Lei 8/2010, do 31 de marzo, e do artigo 1.4 do Regulamento do Instituto de Toxicoloxía, aprobado polo Real decreto 862/1998, do 8 de maio.

Por outra parte, a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, establece unha taxa pola alta e modificación de fichas toxicolóxicas no Rexistro de Produtos Químicos deste instituto que, pola súa vez, remite a unha orde do ministro de Xustiza en que se regularán os procedementos e modelos de liquidación.

O modelo de taxa de liquidación será o 790, de acordo co establecido na Orde do 4 de xuño de 1998, pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda pública.

O ministro de Xustiza está facultado para ditar a presente orde ministerial, en virtude das habilitacións que lle outorgan a disposición derradeira única do Real decreto 862/1998, do 8 de maio, e o artigo 19.2 da Lei 10/2012, do 20 de novembro.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto desenvolver a regulación sobre:

1. O procedemento de notificación de altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas no Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica (en diante, SIT) do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (en diante, INTCF):

a) Por parte dos importadores e usuarios intermedios que comercialicen mesturas, para comunicar a composición química das mesturas e a identidade química das substancias a que fai referencia o artigo 6.3.l) da Lei 8/2010, do 31 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto nos regulamentos (CE) número 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e mesturas químicas (en diante, Regulamento REACH), así como o Regulamento (CE) número 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (en diante, Regulamento CLP), que o modifica.

b) Por parte de todo aquel interesado que, ben de forma voluntaria ben en cumprimento de normativa aplicable, inclúa o teléfono de urxencias do SIT do INTCF nas etiquetas ou no punto 1.4 das FDS.

c) En calquera notificación, xa sexa de forma voluntaria ou en cumprimento da lexislación vixente, que se realice ao SIT.

2. A liquidación da correspondente taxa, de acordo co establecido na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do INTCF.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. A presente orde será de aplicación en todas as notificacións realizadas ao INTCF polo fabricante, importador ou usuario intermedio que comercializa unha substancia, como tal ou en forma de mestura, ou unha mestura, e cuxos datos deben figurar no contido da etiqueta, de acordo co artigo 17 do Regulamento CLP.

2. A presente orde non se aplicará a mesturas para investigación e desenvolvemento científicos nin a mesturas para investigación e desenvolvemento orientados a produtos e procesos, tal como se definen no artigo 3, número 22, do Regulamento (CE) n.º 1907/2006, nin a mesturas clasificadas unicamente para un ou varios dos seguintes riscos: 1) gases a presión e 2) explosivos (explosivos inestables e divisións 1.1 a 1.6), de conformidade co anexo VIII do Regulamento CLP.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos da presente orde, aplicaranse as seguintes definicións:

a) As definicións de «substancia», «mestura», «uso», «fabricante», «importador», «usuario intermedio» e «provedor» son as recollidas no artigo 2 do Regulamento CLP.

b) As definicións de «mestura para uso dos consumidores», «mestura para uso profesional» e «mestura para uso industrial» son as recollidas no punto 2.4 da parte A do anexo VIII do Regulamento CLP.

c) «Ficha toxicolóxica»: ficha en formato dun ficheiro XML, por cada substancia ou mestura notificada, que inclúe a información contida no artigo 4.1.b) da presente orde.

d) «Produto»: substancias e mesturas químicas tal e como se comercializan no mercado.

e) «Alta dunha substancia ou mestura no INTCF»: inclusión por primeira vez do produto no Rexistro de Produtos Químicos do INTCF.

f) «Modificación esencial dunha substancia ou mestura no INTCF»: notificación ao INTCF dun produto, notificado previamente, que, mantendo o nome comercial, cambia de composición química.

g) «Modificación non esencial dunha substancia ou mestura no INTCF»: notificación ao INTCF dun produto, notificado previamente, que, mantendo o nome comercial e a composición química, modifique outros aspectos non substanciais como poden ser tipo e tamaño do envase, o deseño da etiqueta ou a coloración do produto.

h) «Baixa dunha substancia ou mestura no INTCF»: notificación ao INTCF do cesamento de comercialización do produto notificado previamente.

i) «Empresa notificadora»: empresa que realiza a notificación da mestura ao INTCF.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de notificación ao INTCF de altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas**

#### Artigo 4. *Procedemento ordinario de notificación.*

Antes da primeira comercialización, con motivo de cada modificación de fórmula ou do cesamento de comercialización, os fabricantes, importadores ou usuarios intermedios que comercializan substancias ou mesturas químicas no mercado español deberán

remitir a ficha toxicolóxica ao INTCF, seguindo as instrucións recollidas nos manuais publicados e actualizados a través do portal do Ministerio de Xustiza, de acordo co seguinte procedemento:

1. Contido da notificación: a notificación de alta poderase referir a un ou a varios produtos e conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) Relación comprensiva de todos os produtos identificando cada un deles co seu respectivo nome comercial, e a referencia única de fórmula (UFI) emitida pola propia empresa para cada unha das fórmulas que comercialice.

b) Unha ficha toxicolóxica, en formato dun ficheiro XML, por cada substancia ou mestura notificada, en que se inclúa:

i. Nome comercial: deberanse facilitar o nome comercial completo do produto, incluído, de ser o caso, a marca, e nomes de variantes, tal como aparecen na etiqueta, sen abreviaturas e de maneira que se permita a súa identificación específica.

ii. UFI: código alfanumérico único que vincula inequivocamente a información presentada sobre a composición dunha mestura.

iii. Tipo de usuario final: usuario para o cal se comercializa a mestura/substancia (consumidores, profesional ou industrial, ou ben unha combinación dos tres).

iv. Tipo de produto: descrición do uso previsto da mestura/substancia e a súa clasificación de acordo cun sistema de categorización de produtos facilitado polo INTCF.

v. Clasificación da mestura ou substancia en relación cos perigos físicos, para a saúde e ambientais, de acordo co Regulamento CLP.

vi. Composición: deberanse indicar a identidade química e as concentracións dos compoñentes que contén a mestura en porcentaxe exacta ou en rangos de concentración definidos polo INTCF, en función da clasificación de perigosidade de acordo co Regulamento CLP de cada un deles. Tendo en conta o feito de que as mesturas clasificadas como perigosas poden tamén conter compoñentes non clasificados que, porén, poden ter efectos negativos (por exemplo, por inestión), o INTCF deberá ter á súa disposición tamén información sobre estes compoñentes para poder formular medidas de carácter preventivo ou curativo.

vii. Información detallada acerca do provedor: deberanse facilitar o nome, o enderezo completo, o número de teléfono e o enderezo de correo electrónico da empresa que comercializa a mestura ou substancia. Esta información deberá ser coherente cos datos que figuran na etiqueta, de acordo co artigo 17 do Regulamento CLP.

viii. Información detallada acerca da empresa notificadora: deberanse facilitar o nome, o enderezo completo, o número de teléfono e o enderezo de correo electrónico da empresa que elabora a ficha toxicolóxica e envía a información ao INTCF.

c) Documentos adxuntos:

i. Etiqueta de cada produto tal e como aparece no mercado español. No caso das mesturas comercializadas para uso profesional ou industrial, poderase substituír a etiqueta por un documento dixitalizado (pdf), elaborado pola empresa responsable da súa comercialización, que conteña: nome comercial tal e como figura na etiqueta, pictogramas e datos da empresa responsable da súa comercialización.

ii. Ficha de datos de seguridade (FDS), no caso de tratarse dun produto clasificado como perigoso segundo o Regulamento CLP, que deberá estar sempre actualizada. A actualización da FDS poderase tramitar como unha modificación non esencial a través do sistema SRE.

iii. Documento acreditativo do pagamento da taxa de alta ou modificación da ficha toxicolóxica, de ser o caso.

2. Cando se pretenda a notificación dunha modificación ou a baixa dun ou de varios produtos notificados con anterioridade ao INTCF, ademais do contido do punto 1 do artigo 4, incluírase a referencia de cada produto (DRP) asignada polo INTCF na notificación inicial.

3. Idioma da notificación. A información remitida ao INTCF poderase presentar en español ou en inglés.

#### Artigo 5. *Procedemento especial de notificación limitada.*

1. No caso das mesturas que se comercializan exclusivamente para un uso industrial, e como alternativa ao procedemento ordinario de notificación, a empresa comercializadora poderá optar, logo de autorización por parte do INTCF, por unha notificación limitada de conformidade co anexo VIII do Regulamento CLP.

Se a mestura comercializada inicialmente como de uso industrial aparece formando parte dunha mestura obrigada a notificación, destinada ao seu uso por parte de consumidores ou profesionais fóra das instalacións industriais, non se poderá acoller a esta notificación limitada.

2. Nesta notificación, a información que se debe presentar da composición da mestura [4.1.b), vi] pode limitarse á información que figura na FDS, de conformidade co anexo II do Regulamento REACH, sempre que se poida dispor rapidamente da información completa da composición da mestura a través dun teléfono con atención en español, accesible 24 horas ao día os 365 días do ano, e dun enderezo de correo electrónico a que teña acceso o médico de garda do INTCF.

#### Artigo 6. *Formato para a presentación da información.*

1. De acordo co Regulamento (UE) 2017/542 e coas seccións 3.1 e 6.1 da parte A do anexo VIII do Regulamento CLP, a elaboración e a notificación da información faranse obrigatoriamente por medios electrónicos, garantindo a seguridade dos envíos.

2. Para o efecto, estarán dispoñibles de forma gratuíta para todas as empresas, no portal do Ministerio de Xustiza, un programa informático para a elaboración das fichas toxicolóxicas e un sistema de notificación telemático, xunto cos correspondentes manuais de instrucións e coas súas actualizacións.

3. Porén, as empresas poderán elaborar directamente os ficheiros sempre e cando sexan compatibles co programa xestionado polo INTCF, para o cal deberán seguir as súas indicacións técnicas.

4. A notificación efectuarase telematicamente a través do Sistema de notificación denominado SRE, para o cal a empresa deberá darse de alta e obter un usuario/contrasinal, que lle permitirá o acceso.

#### Artigo 7. *Rexistro, xustificante de notificación de produtos e xustificante de recepción.*

Unha vez recibida a notificación, o INTCF comprobará que contén toda a información exixida e rexistrarse e transferirse á base de datos.

1. No momento do envío ao INTCF, a empresa poderá descargar un xustificante de envío denominado «xustificante de notificación de produtos ao INTCF». Con esta notificación considerarase cumprida a obriga legal de comunicación ao referido instituto, prevista na Lei 8/2010, do 31 de marzo, e sen prexuízo do establecido nos números seguintes.

2. Non obstante, o Instituto emitirá, nun prazo máximo de tres meses, un xustificante de recepción en que se inclúe o número de referencia asignado polo Instituto a cada produto (DRP).

3. O INTCF poderá requirir a empresa para que achegue, sen demora indebida, as aclaracións ou rectificacións que considere necesarias, cando observe defectos ou erros na información remitida que impidan dar a resposta sanitaria coas debidas garantías.

Se a empresa non completa a documentación ou a información, o INTCF arquivará a notificación e darase por finalizado o procedemento sen que o produto causase alta no rexistro de fichas toxicolóxicas, o cal se notificará á empresa. Neste caso, a empresa deberá iniciar un novo procedemento presentando a correspondente notificación.

#### Artigo 8. *Responsabilidade sobre o contido da información.*

A empresa será responsable da veracidade dos datos achegados ao INTCF, así como do incumprimento dos criterios establecidos por este.

Calquera forma de incumprimento de que derive a imposibilidade de prestar a resposta sanitaria adecuada será atribuíble á empresa que non comunicase correctamente os datos a que está obrigada, de acordo coa normativa vixente.

#### Artigo 9. *Confidencialidade.*

O INTCF garante a confidencialidade e a seguridade da información sobre a composición dos produtos.

A información facilitada polas empresas utilizarase para os únicos efectos de dar resposta ás solicitudes de carácter médico, para a formulación de medidas curativas ou preventivas, especialmente en caso de urxencia, ou para levar a cabo estudos estatísticos para efectos de considerar unha mellora na xestión de situacións de risco.

### CAPÍTULO III

#### **Procedemento da liquidación da taxa**

#### Artigo 10. *Autoliquidación da taxa pola alta e pola modificación de fichas toxicolóxicas.*

A taxa autoliquidarase consonte o modelo 790 aprobado por resolución da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e o xustificante de pagamento deberá presentarse como documento adxunto á notificación.

O SRE elaborará un modelo 790 en cada un dos envíos realizados ao INTCF, co importe total que este deberá aboar.

De acordo co previsto no artigo 17.2 da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do INTCF, a empresa poderá liquidar o importe máximo anual, especificando se se aplica a altas, a modificacións ou a ambas. Neste último suposto, os dous conceptos poderanse liquidar no mesmo impreso facendo constar a suma de ambos os importes.

Unha vez comunicada ao INTCF a realización do pagamento polo importe máximo anual, o Sistema SRE non xerará novos documentos autoliquidables para a empresa.

#### Artigo 11. *Documento acreditativo do tamaño da empresa.*

De conformidade co artigo 15 da Lei 10/2012, do 20 de novembro, cando o solicitante de rexistro sexa unha peme (microempresa, pequena ou mediana empresa), aplicarase unha taxa de importe reducido consonte o cadro 2 do artigo 17.

Corresponderá ao solicitante acreditar a súa condición de peme mediante o modelo de referencia aprobado para o efecto mediante resolución do director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, que se publicará no portal do Ministerio de Xustiza.

Esta documentación incluírase no SRE e non será necesaria a súa reiteración nas sucesivas comunicacións, a menos que se produza unha modificación na súa condición. Neste caso, estará obrigada a presentar a documentación relativa á nova condición e o seu incumprimento comportará as consecuencias legalmente previstas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde JUS/836/2013, do 7 de maio, pola que se regula o procedemento de notificación das altas, baixas e modificacións de fichas toxicolóxicas ao Rexistro de Produtos Químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e de liquidación da taxa prevista na Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral, e do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de sanidade exterior, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación sobre produtos farmacéuticos.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de setembro de 2017.–O ministro de Xustiza, Rafael Catalá Polo.